

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

*ANUNCIO do 15 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se somete a información pública o anteproxecto da Lei de ordenación do litoral de Galicia.*

De conformidade co artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, e para promover unha participación real e efectiva do público na elaboración, modificación e revisión dos plans, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co ambiente a que se refiren os artigos 17 e 18 desta lei, as administracións públicas, ao establecer ou tramitar os procedementos que resulten de aplicación, velarán para que se informe o público, mediante avisos ou outros medios apropiados, como os electrónicos cando se dispoña deles, sobre calquera proposta de plans, programas ou disposicións de carácter xeral.

Iniciada a tramitación do anteproxecto de Lei de ordenación do litoral de Galicia,

**ACORDO:**

Primeiro. Someter a información pública, por un prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, o anteproxecto de Lei de ordenación do litoral de Galicia.

Segundo. Durante o citado prazo, poderase consultar o texto do anteproxecto de lei no seguinte enlace do portal de transparencia da Xunta de Galicia:

<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions>

Terceiro. As persoas interesadas poden enviar as súas alegacións:

- Preferentemente, mediante correo electrónico ao seguinte enderezo: [reximexuridico.cmatv@xunta.gal](mailto:reximexuridico.cmatv@xunta.gal)



• Alternativamente, mediante a presentación de escrito dirixido Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén se poden remitir suxestións a través do formulario disposto para este fin no enlace do portal de transparencia da Xunta de Galicia indicado no punto segundo deste anuncio.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2022

M<sup>a</sup> Carmen Bouso Montero  
Secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Vivenda

CVE-DOG: xsf4pms9-1ga8-t8w7-6175-fbegkhgjbkq2

